

## **NORMAS SORTEOS PASATEMPO EN BETANZOS XULLO 2021**

1.- ORGANIZA O CONCELLO DE BETANZOS con domicilio en Edificio Liceo, Praza Galicia, nº 1, C.P. 15300 Betanzos, A Coruña, España (en diante Concello de Betanzos) ten previsto organizar unha serie de sorteos denominados **“PASATEMPO EN BETANZOS XULLO 2021”** (en diante os sorteos) que se rexerán polo previsto nas seguintes normas.

### **2.- DESVINCULACIÓN CON FACEBOOK, TWITTER E INSTAGRAM**

Nin Facebook, nin Twitter, nin Instagram patrocinan, avalan ou administran de modo algún este sorteo nin están asociados a el.

O/A usuario/a desvincúlase totalmente de Facebook, Twitter e Instagram e é consciente de que está a proporcionar a súa información ao Concello de Betanzos e non a Facebook, Twitter ou Instagram.

### **3.- ÁMBITO E DURACIÓN DOS SORTEOS**

Estes sorteos desenvolverase no territorio español.

O período de participación será o marcado para cada sorteo nas publicacións en redes que os anuncien.

O Concello de Betanzos resérvase o dereito a modificar, cancelar e/ou suspender o sorteo cando concorran causas alleas á súa vontade.

En caso de producirse unha modificación, cancelación ou suspensión do sorteo comunicarse polo mesmo medio que teña sido publicitado o sorteo.

O Concello de Betanzos non se fai responsable de posibles suspensións, cambios de datas, ou calquera outro tipo de incidencia que poida acontecer con respecto á celebración dos diferentes espectáculos relacionados cos sorteos.

### **4.- PREMIOS**

Os premios son 5 entradas dobres para os seguintes espectáculos que terán lugar no Pasatempo de Betanzos en xullo de 2021:

1. Sábado 3/7/21 Bad Gyal
2. Sábado 10/7/21 Prok
3. Venres 16/7/21 Taburete
4. Sábado 17/7/21 Leo Harlem
5. Domingo 18/7/21 USN Freestyle
6. Sábado 24/7/21 Mclan
7. Sábado 31/7/21 Carlos Sadness

Rematado o prazo de participación de cada sorteo realizarase un sorteo para determinar as 5 contas gañadoras, así como as contas suplentes e a orde de suplencia por se algunha das persoas gañadoras renunciase ao premio ou non cumprise as bases.

## 5.- LEXITIMIDADE E REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar no sorteo e optar a premio todas aquelas persoas físicas, maiores de idade, residentes legais en España, **empadroadas no concello de Betanzos (verificarase)**, que cumpran os requisitos detallados nestas normas e que completen todo o proceso de participación no sorteo descrito nas mesmas.

Non poderán participar no presente sorteo o persoal do Concello de Betanzos nin as persoas que teñan intervido na realización ou organización dos espectáculos 'Pasatempo en Betanzos 2021'.

En cada sorteo, admítense varias participacións por persoa e por rede social, de tal xeito que a máis participacións, máis posibilidades de gañar. Pero a persoa só poderá ser gañadora do sorteo unha vez. Se ao comprobar as identidades na vida real das persoas gañadoras se detectase que algunha ten gañado máis dunha participación (a través de distintas redes), a organización correrá a quenda entre das persoas suplementes segundo o sorteo previo, seguindo a orde determinada no sorteo, que si cumpra as condicións de participación.

Se resultase gañadora algunha persoa que non cumprise os requisitos esixidos, perderá o seu dereito a obter o premio gañado e a organización correrá a quenda entre das persoas suplementes segundo o sorteo previo, seguindo a orde determinada no sorteo, que si cumpra as condicións de participación.

En caso de facerse imposible o reparto de premios por non acadarse persoas que cumpran os requisitos, ou cuestións similares de impidan a entrega da totalidade dos premios, a organización podería declarar o premio deserto.

## 6.- FISCALIDADE DOS PREMIOS

Serán de aplicación todas as disposicións de carácter fiscal pertencentes aos premios do sorteo, segundo a lexislación aplicable en cada momento. Non obstante, o valor dos premios individuais non supera os 300 euros, polo que non está suxeito a ningunha retención, de conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

As persoas que resulten gañadoras deberán confirmar de xeito privado á organización os seus datos persoais (Nome, apelidos, documento de identidade e teléfono) e identificarse o día da entrega do premio, mediante a presentación do seu DNI ou NIE, pasaporte, carné de conducir tarxeta de residente, identificación similar que acredite a súa identidade. E deberán asinar, en todo caso, un xustificante da súa recepción. En caso contrario, perderían o seu dereito á recepción do premio.

O cumprimento deste requisito establecido no parágrafo anterior ten carácter obrigatorio, polo que as persoas gañadoras deben facilitar os seus datos persoais, de forma que a ausencia de calquera de ditos datos suporá a perda do dereito ao premio.

## 7.- MECÁNICA DO SORTEOS

O feito de participar nos sorteos implica que as persoas participantes aceptan expresa e integramente as condicións destas normas.

Para participar hai que:

- Dispor de conta en, cando menos, unha das seguintes redes sociais: Facebook ou Instagram que son nas que se desenvolverá o sorteo.
- Seguir as instrucións indicadas para a participación en cada rede social que serán:
  - EN FACEBOOK
    - Interactuar coa publicación do sorteo cun “Me gusta”, “Me encanta” ou “Me importa”.
    - Compartir de xeito público (mantendo a publicación pública ata o disfrute do premio) o post do sorteo no que se quere participar.
    - Comentar no post da páxina de fans do concello co *hashtag* #PasatempoEnBetanzos21 citando nese comentario á persoa coa que irá a gozar da entrada dobre.
  - EN INSTAGRAM
    - Interactuar coa publicación do sorteo cun “Me gusta”.
    - Comentar no post da páxina de fans do concello co *hashtag* #PasatempoEnBetanzos21 citando nese comentario á persoa coa que irá a gozar da entrada dobre.

Non é obrigatorio, pero si é recomendable que as persoas participantes sexan seguidoras das contas do Concello de Betanzos nas que se vai desenvolver o sorteo coa fin de recibir notificacións sobre o resultado do sorteo, cambios que se podan producir, etc. Isto é:

- Facebook: <https://www.facebook.com/BetanzosTanCerca>
- Instagram: <https://www.instagram.com/betanzostancerca>

Coa aceptación do premio, as persoas gañadoras asumen que non lles confire dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas normas.

## 8.- REGLAS DE CONDUCTA

a) Rexeitaranse os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, non axeitados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten contra a dignidade e/ou o decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública; que sexan contrarios aos dereitos de terceiros sen o seu consentimento; que sexan contrarios ao honor e/ou a imaxe de persoas físicas ou xurídicas; que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros); que impliquen realizar unha actividade comercial, compra e venda de produtos e/ou servizos así como a súa publicidade, que non teña relación co sorteo, quedando automaticamente descualificados e fóra das normas contidos que se axusten a algún perfil dos descritos.

b) O Concello de Betanzos resérvase o dereito a rexeitar a participación daqueles perfís que considere que poidan ser “fraudulentos”. Considerarase un/unha usuario/a como malicioso cando se faga patente que está levando a cabo as actividades relacionadas coa promoción dun xeito antinatural ou artificial mediante, por exemplo:

1. O uso de *bots* ou sistemas automáticos que posteen en Facebook/Instagram sen control expreso do usuario.
2. Uso de contas non lexítimas creadas para a promoción en Facebook/Instagram.
3. Non se aceptará o sorteo de contas duplicadas ou falsas.
4. Está terminante prohibido:
  - A. Postear comentarios descualificacións sobre outras persoas participantes.
  - B. Postear comentarios irrelevantes ou que poidan ser considerados *spam*.

O Concello de Betanzos resérvase o dereito a decidir se os comentarios cumpren os requisitos de contido estipulados nas presentes normas e poderán cancelar a participación no sorteo de calquera usuario/a en calquera momento, sen necesidade de previo aviso e á súa elección exclusiva.

O Concello de Betanzos non realiza ningunha labor editorial sobre os contidos xerados polas persoas participantes e non asume ningún tipo de responsabilidade asociada a estes, podendo solicitar que sexan retirados de forma inmediata en calquera momento, sen previo aviso, nin dereito a indemnización algunha en caso de incumprimento.

#### 9.- COMUNICACIÓN ÁS PERSOAS GAÑADORAS

Cada unha das publicación que cumpran os requisitos descritos nestas normas para participar serán admitidas no sorteo e se incluírán no mesmo.

O sorteo realizarase como moi tarde, catro días antes da celebración do espectáculo vencellado a cada sorteo.

Unha vez realizado cada sorteo, o Concello de Betanzos fará públicos os perfís gañadores a través de sendas publicacións nos seus espazos nas 2 redes do Concello de Betanzos antes citadas.

As persoas gañadoras deberán poñerse en contacto co Concello de Betanzos a través dunha mensaxe privada a través da rede social coa que participaron (Facebook ou Instagram) para poder tomar nota dos seus datos e artellar a entrega do premio. O prazo para contactar será de 24 horas desde a comunicación do premio.

No caso de non poder contactar coas persoas gañadoras, que estas non cumpran os requisitos recollidos nestas normas, non contacten nos prazos e canles establecidas nestas normas para identificarse como as persoas gañadoras, ou que rexeiten o premio ou non poidan acudir a recollelo no día e hora fixados polo Concello, a organización correrá a quenda entre das persoas suplentes segundo o sorteo previo, seguindo a orde determinada no sorteo, que si cumpra as condicións de participación.

En ningún caso se poderá reclamar o premio con posterioridade aos prazos aquí estipulados.

A persoa gañadora recollerá o seu premio identificándose á hora de recollelo co seu D.N.I., N.I.E., pasaporte, carné de conducir, tarxeta de residente, identificación similar que acredite a súa identidade. En principio, o lugar designado son o despacho de billetes do espectáculo para o que foi premiado no día de celebración do mesmo.

## 10.- ENTREGA DO PREMIO, COMUNICACIÓN E USO PÚBLICO DA IMAXE DA PERSOA GAÑADORA.

O premio deberá recollerse na data, hora e lugar que sinala o Concello de Betanzos aos efectos e que comunicará ás persoas gañadoras.

Tanto cada persoa gañadora como, se fose o caso, a persoa que cada ganador teña designado como o seu representante, aproban acceder a que se lle tomen fotografías durante o acto de entrega do premio, así como a que o Concello de Betanzos empregue o seu nome e imaxe con fins publicitarios, en calquera medio e material publicitario. Así, a persoa gañadora e quen a represente autorizan, ao participar na acción, ao Concello de Betanzos a reproducir, empregar e difundir o seu nome, apelidos e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada con esta, mesmo mentres goce do premio, todo isto en calquera medio, incluído internet, sen que ditas actividades lles confiran dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado conforme estas normas.

## 11.- CONDICIÓN E INCIDENCIAS

A participación neste sorteo conleva a aceptación expresa dos/as participantes das presentes normas, quenes autorizan expresamente a divulgación dos seus nomes por parte do Concello de Betanzos.

O Concello de Betanzos resérvase o dereito a ampliar ou aprazar o período do sorteo, así como a modificalo ou cancelalo, se concorresen circunstancias excepcionais que impedisen a súa realización, comunicando ditas circunstancias de tal maneira que se evite calquera prexuízo para os participantes. O Concello de Betanzos non será responsable dos retrasos, perdas ou deterioros por causas que non lle sexan imputables.

O Concello de Betanzos queda exonerado de toda responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade de funcionamento das aplicacións de Facebook ou Instagram mediante as que se participa no sorteo. Tampouco será responsable o Concello de Betanzos en caso de mal funcionamento da rede de internet que impida o normal desenvolvemento do sorteo por causas alleas ao Concello de Betanzos.

O Concello de Betanzos queda exonerado dos fallos cuxa responsabilidade sexa do/a participante, ou dos fallos ou interrupcións do servizo que sexan debidos ao provedor de servizos de conectividade a internet, fallos de YouTube, Facebook, Instagram, fallo de conectividade á rede eléctrica ou a calquera terceiro, que escape ao control do Concello de Betanzos.

O Concello de Betanzos queda exonerado dos erros de seguridade que se poidan producir, aos danos que se poidan causar ao sistema informático dos/as participantes ou de terceiros/as (*hardware, software*) ou aos ficheiros ou documentos que se almacenen como consecuencia dun virus no ordenador do participante durante a súa participación no sorteo así como nas comunicacións posteriores en relación ao sorteo.

O Concello de Betanzos resérvase o dereito de eliminar do sorteo, por causa xustificada, a calquera usuario que defraude, altere ou inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e reglamentario deste.

O Concello de Betanzos resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do sorteo.

Así mesmo, calquera tipo de fraude detectado no sistema de participación determinará a inmediata eliminación dos participantes afectados.

#### 12.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese plantexarse canto á interpretación ou aplicación das presentes normas, o Concello de Betanzos e os participantes desta actividade sométense expresamente á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais de Betanzos, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

O Concello de Betanzos resérvase o dereito de aplicar, interpretar e modificar estas normas e de decidir sobre os casos non previstos nelas.

#### 13.- DEPÓSITO DE NORMAS

As presentes normas publicaranse na páxina web do Concello de Betanzos ([www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)).

#### 14.- PROTECCIÓN DE DATOS

Coa participación neste sorteo, os/as gañadores/as prestan o seu consentimento expreso para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Concello de Betanzos conforme ás disposicións da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), que se incluírán nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Betanzos. Garántese aos participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais para o que terán que dirixirse ao Concello de Betanzos (Edificio Liceo, Praza Galicia, nº 1, C.P. 15300 Betanzos, A Coruña, España - [info@betanzos.net](mailto:info@betanzos.net)) ou persoalmente nas oficinas do Concello en horario de atención ao público. Nos dous casos deberá identificarse presentando unha fotocopia do D.N.I. ou calquera outro documento oficial de identificación.

Unha vez rematado este sorteo, o Concello de Betanzos conservará os datos que lle teñan facilitado as persoas participantes. Así, e en cumprimento do disposto na Lei 34/2002, de 11 de xullo de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico, os/as participantes prestan o seu consentimento ao Concello de Betanzos para recibir comunicacións.

En Betanzos a xuño de 2021.